

A LÚA



A Lúa é o único satélite da Terra, e é o único corpo do Sistema Solar que podemos ver en detalle a simple vista.

A Lúa reflexa a luz solar de maneira diferente según onde se atope. Xira ó redor da Terra e sobre o seu eixe no mesmo período: 27 días, 7 horas e 43 minutos. Isto fai que nos amose sempre a mesma cara.

Non ten atmosfera nin auga, por iso a súa superficie non se deteriora co tempo, a menos que sexa polo impacto ocasional dalgún meteorito.

O 20 de xullo de 1969, Neil Amstrong convertiuse no primeiro home que pisaba a Lúa, formando parte da misión Apollo XI.

FASES DA LÚA:

Dependendo dos raios do Sol que reciba a Lúa, distinguimos 4 fases:

- *Lúa nova*: é cando a Lúa está entre a Terra e o Sol, e polo tanto non podemos vela.
- *Lúa chea*: é cando a Terra se sitúa entre o Sol e a Lúa. A Lúa recibe os raios de Sol na cara próxima, polo tanto vese completa.
- *Cuarto minguante*: é cando ten forma da letra C. A Lúa, a Terra e o Sol forman un ángulo recto, polo que se pode observar no ceo a metade da Lúa, no seu período de crecemento.
- *Cuarto crecente*: é cando a Lúa ten forma da letra D. A Lúa, a Terra e o Sol forman un ángulo recto, polo que se pode observar a metade da Lúa.

LÚA CHEA :



LÚA NOVA:



CUARTO MINGUANTE:



CUARTO CRECENTE:



A TERRA



A Terra é o planeta onde vivimos. Podemos distinguir tres capas: atmósfera (é a capa de aire que rodea a Terra), a hidrosfera (é a capa de auga que rodea a Terra) e a litosfera (é a parte sólida da Terra, é a zona na que vivimos).

É o terceiro planeta máis próximo ó Sol. Ata agora é o único que ten seres vivos, océanos de auga, moito osíxeno e infinidade de marabillas naturais. Formouse pouco despois de que comezara a formarse o Sol, fai uns 4,5 billóns de anos.

O **movemento de translación** é o movemento de xiro que realiza a Terra arredor do Sol. A Terra tarda uns 365 días en dar un xiro completo arredor do Sol, este período de tempo é o que coñecemos como ano. O eixe de rotación da Terra está inclinado, o que provoca que durante a translación, os raios de Sol cheguen con distinta inclinación, segundo o lugar da órbita no que se atopen, o que dá lugar ás catro estacións.

O **movemento de rotación** é o movemento que fai a Terra sobre o seu propio eixe. A Terra xira de Oeste a Leste, igual que o resto dos planetas do Sistema Solar. A Terra tarda 24 horas en xirar sobre si mesma, o que dá lugar ós días e ás noites.

O SOL



O Sol é unha estrela que dá luz e calor á Terra. As persoas, os animais e as plantas necesitamos a luz e a calor do Sol para vivir. Esa luz e esa calor, varían ó longo das horas do día. Ó amencer, o Sol aparece polo Leste. Ó mediodía, o Sol está no seu punto máis elevado e é cando hai máis luz. No solpor, o Sol comeza a ocultarse polo Oeste e hai menos luz. Pola noite, o Sol está oculto e non percibimos a súa luz, aínda que nos segue dando calor.

1) Completa as seguintes oracións.

A Lúa é o _____ da Terra.

A Lúa ten _____ fases.

As fases da Lúa son : _____ crecente, _____ chea,
cuarto _____ e _____ nova.

O home pisou a Lúa por primeira vez no ano _____ .

2) Une cada debuxo co seu nome.

Lúa chea

Lúa nova

Cuarto crecente

Cuarto minguante



3) Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

☐ A Lúa tarda 365 días en dar unha volta arredor da Terra.

☐ Na Lúa non hai auga, pero si hai osíxeno.

☐ A Lúa ten luz propia.

☐ A Lúa ten catro fases.

☐ A Lúa é o satélite da Terra.

4) Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- ☐ A Terra é unha estrela con luz propia.
- ☐ A Terra ten forma de esfera.
- ☐ A Terra está habitada por seres vivos.
- ☐ A Terra é un planeta.
- ☐ A Terra tarda 365 días en xirar sobre si mesma.

5) Escribe onde corresponda.

Auga Terra firme Aire

